A "MOCHILA AUSTRÍACA".- SEGUNDA PARTE

No Boletín nº 5 (novembro 2021) presentamos unha primeira parte dunha breve análise sobre a "mochila" que naquel intre, negociándose a nova Reforma Laboral, estaba de actualidade.
Hoxe, aprobada ¡milagreiramente! a Reforma, se cadra non é tan de actualidade, pero non está de máis que botemos un ollo a algunha das consecuencias dunha eventual implantación en España, tirando outra vez información do opúsculo "La mochila austríaca" de Miren Etxezarreta e José Iglesias, editado por Icaria.
Mesmo que a entrada en vigor da Reforma Laboral mude as escandalosas cifras de traballo precario e temporal de España, pensamos que as conclusións que nel saen dunha eventual implantación da "mochila" son totalmente válidas.
Para comezar haberá que dicir que "o despido é o mecanismo de axuste máis frecuente cando as empresas teñen dificultades"; eis a taxa de paro que é dupla que a europea e a da xente moza arredor dun 35%. Igualmente, ata agora, a contratación temporal, e polo tanto a rotación nos empregos e a precariedade son elevadas. Os autores estiman unha taxa de temporalidade arredor do 26,8% de media no 2018.

Anos de traballo	Importe da mochila	Indemnización sistema actual	Perda
1	8 días	20 días	12 días
5	40	100	60
10	80	160	160[1]
25	200	360	160
30	240	360	120
40	320	360	40
45	360	360	00

En España toda persoa asalariada despedida contra a súa vontade, agás a despedida disciplinariamente, ten dereito a unha indemnización. Ata a nova Reforma Laboral oscilaban, para os traballadores con contrato indefinido, entre 20 e 33 días por ano traballado, mentres que para os temporais entre 8 e 12 días. O empresariado español sempre se queixou de que o despido é moi caro; por iso lle gusta a "mochila austríaca", porque segundo FEDEA (Fundación de Estudios de Economía Aplicada) "no modelo austríaco puro, o traballador renuncia á indemnización por despido como pago único, a cambio de abrir unha conta individual de aforro (a mochila), na que as empresas ingresan unha cantidade proporcional ao salario por cada ano de antigüidade". Falando en prata: o despido non recibe indemnización por despido senón a súa mochila; esta, polo tanto, substitúe a indemnización por un fondo de capitalización.
En España, dada a elevada rotación da forza de traballo e o altísimo nivel de paro, algunha das propostas (BBVA) fana compatíbel cos fondos da mochila facendo que esta cubra 8 días de indemnización por ano. É dicir, que o traballador despedido recorrería aos propios fondos por cada oito días ao ano. Polo tanto, a "mochila" abarata o despido prexudicando ao traballador.
Outro aspecto que os traballadores ven como moi favorábel deste sistema é que a liquidez (o diñeiro) necesaria para proceder a un despedimento, non digamos se é colectivo, está prevista con anterioridade. Por todo isto, non está fóra de lugar o pensar que a mochila mesmo pode aumentar os despidos. Cómpre pois, antes dunha eventual implantación, estudalo con moita calma e con toda a información enriba da mesa

[1] Terían que ser 550 pero o límite está fixado en 360

Á COLA DO ESTADO EN RESIDENCIAS PÚBLICAS

A panorámica da Galiza é a peor referida nos números da Fundación Mapfre. Así, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) sitúa a Galiza á cola do Estado en prazas residenciais de carácter público, case 40 puntos por baizo da media estatal, onde o número de prazas públicas chega a 62% e fica lonxe do 74% de Euskadi. Pola súa parte, a Asociación Estatal de Directores e Xerentes contaba en 2020 co 2,9 % de prazas residenciais menos que en 2010. A ratio de prazas residenciais para maiores de Galiza está moi por baixo das recomendacións da OMS (Organización Mundial da Saúde). Mentres este organismo aconsella cinco prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos, a Galiza só dispón de 2,83 prazas de residencia por cada 100 maiores de 65 anos, practicamente dous puntos menos que a media estatal, situada en 4,22 prazas por cada 100 maiores de 65 anos.

(Nós Diario, 12 de maio de 2022)

O PROBLEMA DAS PENSIÓNS É MOI REAL: CHÁMASE FONDOS PRIVADOS

Recentemente, o 26 de outubro, no periódico el diario.es, Pere Rusiñol publicou un artigo con este título que sintetiza perfectamente cal é a problemática actual das pensións. O modelo público español, de reparto, no que as pensións as pagan as cotizacións sociais dos traballadores activos, é un exemplo de solidariedade que funciona razoabelmente ben. Pero dende a década de 1990 abundan os informes apocalípticos sobre a inviabilidade deste sistema público (co respaldo e "complicidade" de importantes medios de comunicación).
Pero non se fala tanto do fiasco dos plans privados de pensións. Artigos coma este de Pere Rusiñol, ou o de Xabier Pérez Davila, ***Privatización das pensións públicas***: Escrivá dirixe un asalto decisivo (infolibre.es), e algún outro, así como as manifestacións reiteradas dos colectivos de pensionistas de distintas partes do estado nos últimos meses, son a excepción.
Estamos pois inmersos nese proceso de privatización da parte das cotizacións sociais á que aspiran dende hai décadas os bancos, compañías de seguros e fondos de inversión. É dicir, esta Lei de regulación para o impulso dos plans de pensións de emprego propón a creación de fondos de pensións de emprego de promoción pública e depósito e xestión privadas. Esta proponse incentivar o aforro das rendas medias e baixas e da xente máis nova. Pero a experiencia dos fondos de capitalización de empresa existentes demostra que concentran as achegas, as desgravacións fiscais e as prestacións nos salarios máis altos. Crean desigualdade. O ministro Escrivá sinalou como un modelo a imitar as Entidades de Previsión Social Voluntaria de Euskadi. Sen embargo, estas ofrecen o mesmo panorama de desigualdade, contas sen achegas e concentración das achegas nos salarios altos. E tampouco parece que contribúan a reducir a fenda de xénero. De xeito, este panorama de desiguldade provocou que o sindicato LAB decidise, despois de 25 anos, suspender a súa participación nas EPSV argumentando que as súas prestacións non son universais, aumentan as desigualdades e dan cobertura a unha minoría. Estes sistemas privados de capitalización non son pois un sistema de protección social, senón un mecanismo para xerar ingresos por comisións para as entidades financeiras e activos para favorecer o proceso de financiarización.
E rematamos con outro titular do 10 de setembro do periódico Público asinado por Eduardo Bayona: ***Os fondos de pensións privados desínflanse e erosionan a xubilación de tres millóns de aforradores*** (As achegas ás carteiras de previsión que manexan bancos e aseguradoras caen á metade en apenas ano e medio e pasan a ser inferiores ás prestacións que estes pagan tralo recorte dos beneficios fiscais que producían).

Actividades de MODEPÉN Val de Miñor

O día 1 de abril, no Auditorio do Concello de Nigrán, e máis recentemente o 28 de outubro, no local do Instituto de Estudos Miñoráns en Gondomar, Xabier Pérez Davila, economista e membro activo de MODEPÉN, presentou o seu libro ***Socialismo en Europa 2020*** *(Unha ambiciosa proposta socialista, feminista e ecolóxica),* acto organizado por MODEPÉN Val de Miñor.

Así mesmo (e tamén no local do IEM) pronunciou, o pasado 10 de outubro, unha conferencia específica sobre a situación actual do Sistema Público de Pensións. Na súa exposición, co rigor e contundencia que o caracterizan, Xabier falou deste noso sistema solidario, un sistema de reparto, de pacto entre xeracións (traballamos e parte do noso traballo contribúe a garantir unha pensión para os nosos fillos e netos) e totalmente sustentábel; é dicir, que se pode manter sen problema ningún, en contra do que pretenden facernos crer dende hai anos: que non é rendíbel, que non hai cartos...

Os dereitos non abonda con conquistalos, cómpre defendelos, sentenciou Xabier. Isto é o que vén facendo MODEPÉN e outros movementos de pensionistas a nivel estatal, e por iso, ademais do xa conquistado nos últimos tempos e os retos que temos por diante, hai un que Xabier explicou moi graficamente: O reparto do gasto en PIB, aproximadamente, en España é dun 9% en Saúde, en Educación dun 5%, en Pensións dun 12% e en Dependencia dun 1%. É dicir, un 27% que é noso, que obedece a un reparto solidario e democrático, amparado pola Constitución Española. Pero resulta que en Saúde xa privatizaron un 30%, en Educación un 20%, en Dependencia un 73%... e en Pensións só un 5%! E aquí poñen o seu foco os bancos, compañías de seguros, fondos de investimento... cos seus plans de privatización. Por iso, cómpre frustrar a privatización das pensións, impedir que o Estado renuncie ás súas obrigas constitucionais (1) en favor dos intereses dos especuladores financeiros cos seus fondos de pensións privados.

(1) Artigo 50 da Constitución Española: Os poderes públicos garantiranlles, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns na terceira idade. Tamén, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

.

MODEPEN

Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos

BOLETÍN DE MODEPEN-VAL de MIÑOR Nº 7 **Novembro 2022**

¡¡NIN UN PASO ATRÁS!!

"Nin para coller impulso", como din os cubanos; iso foi o que o movemento pensionista lle dixo, o pasado 15 de outubro, ao ministro Escrivá e por extensión a todo o Goberno. Convocados polas varias plataformas de pensionistas, agrupadas na Unidade de acción, mulleres e homes de Andalucía, Catalunya, Extremadura, Madrid, Galicia, Cantabria, Asturies, etc., chegadas despois de longas viaxes de autobús, ou Valencia, que fixeron una andaina de 300 Kms.

A clásica guerra de cifras entre os diferentes medios de (des)información non conseguiu tapar o enorme entusiasmo e combatividade dos miles e miles de asistentes que completaron o percorrido dende a fonte de Neptuno ata a praza de Callao de Madrid, lembrándolle ao Goberno as principais reivindicacións do movemento:

- Suba de pensións e salarios segundo o IPC real, recuperando o 3% perdido en 2021 ao aplicar o IPC medio.
- Derrogar as reformas aplicadas ás pensións en 2011, 2013 e 2021.
- Rexeitar a privatización total ou parcial do sistema.
- Auditoría pública das contas da Seguridade Social segundo a Lei 21/2021 aprobada no Parlamento o 28/12/21.
- Non aos recortes e privatización dos servizos públicos: sanidade, dependencia, educación...
- Non ao aumento de 25 a 35 anos para calcular a base reguladora das pensións, que implica unha baixa de 8,8% para homes e 10,3% para as mulleres.

Nesta ocasión fíxose especial fincapé na eliminación da fenda de xénero que condena ás mulleres a ter pensións máis baixas, de tal xeito que a manifestación estaba encabezada por unha pancarta portada por mulleres

representantes das distintas plataformas convocantes, dirixíndose todas elas aos asistentes ao remate da manifestación.

É salientábel a asistencia de bastante xente moza que representa o futuro do movemento e tamén a repercusión internacional acadada, amosada por mensaxes de solidariedade de organizacións sociais de Alemaña, Francia, etc., detalle de interese porque as pensións e o seu futuro hai que defendelas tamén nos organismos europeos.

Finalmente, fíxose un chamamento a continuar coa mobilización para defender as nosas reivindicacións, sendo o próximo fito a convocatoria de manifestacións descentralizadas para o próximo 19 de novembro.

19 DE NOVEMBRO, VÉMONOS EN SANTIAGO!!

GOBERNE QUEN GOBERNE, AS PENSIÓNS DEFÉNDENSE

modepenminhor@gmail.com